

Programa do obradoiro de Slam (5 horas) outubro 2016

1.^a parte: creación dun texto para Slam

- Introducción: que é o Slam? Normas e visionado de exemplos. Mostra en directo.
- Lectura de textos poéticos de diferentes momentos da Historia da Literatura Galega. Propóranse algúns e os participantes previamente avisados levarán textos que eles mesmos escollan.
- Analízanse as posibilidades orais deses textos para recoñecer mecanismos que poden funcionar ao levalos a escena.
- A través de textos xa existentes analízanse estilos, correntes, figuras literarias, etc. de diferentes tipos de composicións para que o alumnado escolla a tendencia do texto que quere crear. Propóranse xogos literarios como: cadáveres exquisitos, caligramas, etc.
- Cada participante escollerá o tipo de texto que desexa compoñer: humorístico, lírico, épico, clásico.
- Cada persoa elaborará o seu texto coa axuda da profesora.

2.^a parte: Lectura e interpretación

- Algunhas indicacións para preparar a voz. Exercicios de quentamento e trucos para proxectar a voz.
- Lectura de cada texto e análise da lectura: exemplos e consellos para realizar unha lectura interpretada.
- No Slam pódense usar unicamente o corpo e a voz: explorar as diferentes posibilidades que nos ofrecen.
- Experimentar tamén coa música. Insertar os textos en colchóns musicais.

3.^a parte: Slam!!! Participación nun Slam suxeito ás seguintes bases:

1. Poderá presentarse ao Slam calquera alumno/a que recite textos propios en galego.
2. O recitado non pode superar os 3 minutos. Superalos supón a descualificación inmediata. Unha persoa de entre o público encargárase de cronometrar.
3. Está prohibido acompañarse de música, usar disfraces ou accesorios. A voz e o corpo son os únicos elementos permitidos, alén do papel co texto.
4. O xurado estará composto por 7 persoas do público escollidas ao azar, que puntuarán anonimamente aos/ás participantes.
5. Haberá unha primeira rolda, onde se clasificarán as 3 persoas máis votadas.
6. Dunha segunda rolda, onde só participarán os/as 3 finalistas, resultará un único gañador ou gañadora, segundo a votación do público.